



## BOLETÍN MENSUAL

SETEMBRO 2018

### APE GALICIA

- ✓ APE GALICIA ESTREA NOVAS INSTALACIÓNS NA SEDE DE PONTEVEDRA.
- ✓ APE GALICIA E O CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS CELEBRAN A PRIMEIRA XUNTANZA DE AUTÓNOMOS.
- ✓ CHARLA INFORMATIVA DA TGSS EN APE GALICIA: "Os autónomos no sistema RED".
- ✓ ÉXITO NOS PROGRAMAS DA REDE EUSUMO EN APE GALICIA.

### INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

- ✓ APLIACIÓN DO PRAZO DE SOLICITUDE E DE XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS PARA PROMOVER O AUTOEMPREGO E A ACTIVIDADE EMPRENDEDORA DAS PERSOAS GALEGAS RETORNADAS E DOS SEUS DESCENDENTES.
- ✓ O SISTEMA REDE PARA OS AUTÓNOMOS: XESTIÓNS OBRIGATORIAS.

## APE GALICIA ESTREA NOVAS INSTALACIÓNS NA SEDE DE PONTEVEDRA.

APE Galicia tiña a súa sede central no corazón da cidade de Pontevedra, concretamente na Praza de España, moi próxima ó concello. A mediados de ano a asociación decide cambiar de instalacións e mudarse para un lugar máis amplo e cómodo onde poder ofrecer moitos dos servizos dos que se veñen a cavilar dende fai tempo. É así como APE Galicia se traslada para unhas novas oficinas en Gagos de Mendoza, as cales contan con máis de 300 m<sup>2</sup>. Este novo establecemento está provisto de varias oficinas moi amplas e diferenciadas. Así mesmo contará na planta superior cunha gran aula de formación homologada, que será o lugar no que emprendedores e autónomos se instrúan con cursos, talleres, charlas, xornadas,... de interese para o colectivo.

Nun futuro preténdese acondicionar máis salas que actualmente están inhabilitadas pero que forman parte das instalacións. Polo que se contará con dúas salas máis, ambas dedicadas á formación.

APE Galicia ten novos proxectos enriba da mesa para esta nova etapa, a inmensa maioría centrados no seu obxectivo principal: proporcionar coñecementos, asesoramento e axuda ós autónomos e a todos aqueles que queren emprender.



## APE GALICIA E O CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS CELEBRAN A PRIMEIRA XUNTANZA DE AUTÓNOMOS

O pasado 18 de Setembro a Asociación de Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia (APE Galicia) organizou xunto co Concello de Salceda de Caselas unha “Xuntanza de autónomos” para tratar a situación actual do Colectivo Autónomo e outros asuntos de interese para o mesmo.

O ano pasado APE Galicia e o concello de Salceda de Caselas asinaron un convenio de colaboración para ofrecer servizos de información, asesoramento e formación ós autónomos da localidade.

Certamente non se esperaba o aclamo que tivo esta reunión. A ela acudiron máis de medio centenar de autónomos do concello interesados polos temas que se ían tratar e por solventar dúbidas ás que ninguén lles da resposta.



A xornada estivo presidida polo Alcalde do Concello de Salceda de Caselas, Don Marcos David Besada Pérez e o Presidente de

APE Galicia, Don José Ramón Caldas Martínez. Ámbolos dous deron o discurso de apertura, comentaron a situación actual do autónomo en Galicia e deixaron claro ós asistentes que podían contar con ambas institucións cando o precisasen.



Tomou a palabra a continuación Dona Anabel Fernández López, avogada e asesora xurídica de APE Galicia na provincia da Coruña, a cal expuxo os aspectos máis relevantes sobre o novo regulamento sobre protección de datos a nivel europeo (RGPD 2016, entrada en vigor en 2018) e deu unhas pinceladas sobre as obrigas e sancións nas que podían incurrir con facilidade. Todo o que se tratou na reunión sobre esta parte pódese atopar na seguinte dirección: [www.anclabogados.es](http://www.anclabogados.es).

A seguinte e última intervención foi de Don Juan Lirón Lago, Subdirector Xeral de Emprego da Xunta de Galicia. Este expuxo dunha forma práctica e sinxela a nova Lei do autónomo, en vigor dende o 1 de xaneiro de 2018, así como as diferentes axudas da Xunta de Galicia, ademais de adiantar as que proximamente estarán dispoñibles e que poden contribuír a impulsar a actividade empresarial

dos autónomos e das PEMES , favorecendo a súa consolidación e crecemento. Así mesmo, recordoulles ós asistentes que teñen á súa disposición a oficina virtual do autónomo na que atoparán toda esta información e outra relevante para o colectivo.

[www.oficinadoautonomo.gal](http://www.oficinadoautonomo.gal)

Finalmente houbo unha rolda de preguntas dirixidas ós poñentes, o Presidente de APE Galicia e ó Alcalde. A xornada, que deu comezo ás nove da noite alongouse ata pasadas as once da noite intentando dar resposta a todas as cuestións que ían surxindo.

Dende APE Galicia e o Concello considerouse un éxito a xuntanza, tanto pola importancia dos contidos expostos como polo interese dos presentes e a súa participación. Ambas institucións están en contacto para seguir loitando polo colectivo e ofrecerlles máis charlas informativas, formación, etc.

Dende APE Galicia só nos queda dar as GRACIAS ó Concello de Salceda de Caselas, á Xunta de Galicia e ós participantes por facer posible estas xuntanzas.

**CHARLA INFORMATIVA DA  
TESOURERÍA XERAL DA  
SEGURIDADE SOCIAL EN APE  
GALICIA: "Os autónomos no  
sistema RED"**

O pasado venres 21 de setembro APE Galicia enchía o seu salón de actos coa conferencia "Os autónomos no sistema RED"

que veu dar a Tesourería Xeral da Seguridade Social. Á cita acudiron máis dunha vintena de persoas interesadas en coñecer un pouco máis sobre a Orde Ministerial ESS/214/2018, de 1 de marzo, a cal estará vixente a partir do 1 de Outubro de 2018.

O colectivo dos autónomos leva demandando de forma permanente trámites non presenciais e mellores servizos para poder axilizar as súas xestións. Isto supuxo que na actualidade unha parte importante do colectivo utilice de modo exclusivo os medios electrónicos.

Son innegables as vantaxes que ofrece a administración electrónica: facilita a realización de trámites en calquera momento e dende calquera lugar, de forma áxil, sinxela e intuitiva, sen necesidade de desprazamentos a unha oficina.



Neste sentido, a OM ESS/214/2018, de 1 de marzo, da un paso máis en materia de Administración Electrónica para os traballadores autónomos, introducindo a obriga de xestionar por vía electrónica os seus trámites de afiliación, cotización e recadación, así como a recepción das notificacións dos actos

administrativos da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Co obxecto de dar a maior difusión posible a estes cambios, a Dirección Provincial da TGSS está a realizar varias charlas informativas dirixidas a organizacións ou colectivos afectados. APE Galicia quedou encantada con ser un dos sitios elixidos para a conferencia, xa que puido así darlle ós seus asociados e demais profesionais de Pontevedra a posibilidade de informarse sobre esta nova Orde.

O que se pretendía era expoñer de maneira máis pormenorizada en que consiste a nova obriga, a quen lle afecta e detallar os servizos que actualmente ofrece a Sede Electrónica da Seguridade Social. A conferencia tivo como poñentes ó Director provincial de la TGSS, Juan A. Herrera de la Rubia; e á Subdirectora de Xestión Recaudatoria, M<sup>a</sup> del Carmen Gil Peña. T



Dende APE Galicia dámoslles as grazas por contar con nós e recordámoslles que as nosas aulas están abertas para formar e seguir mellorando a vida dos autónomos.

## ÉXITO NOS PROGRAMAS DA REDE EUSUMO EN APE GALICIA

O pasado mes de xullo APE Galicia é receptora da resolución das subvencións ás entidades colaboradoras da REDE EUSUMO para realizar actividades de Promoción e impulso do cooperativismo e a economía social. Á nosa asociación fóronlle concedidos dous programas: “PROGRAMA DE CAPACITACIÓN PARA MOZOS/AS DIRECTIVOS/AS DAS COOPERATIVAS” e “OPORTUNIDADES DE NEGOCIO DAS COOPERATIVAS E DA ECONOMÍA SOCIAL”, ámbolos dous de 20 horas cada un.

Na nosa proposta de actividades estaba programado levar catro edicións de cada un dos programas, un por provincia para que toda a comunidade autónoma tivese acceso ás accións formativas. Por falta de participación nas provincias de Lugo e Ourense non se puido levar a cabo, pero pola contra tivemos moito aclamo nas provincias de Pontevedra e a Coruña.

Para levar a cabo as catro edicións do programa de “CAPACITACIÓN PARA MOZOS/AS DIRECTIVOS DAS COOPERATIVAS” tivemos a honra de contar con verdadeiros profesionais na docencia: Eduardo García Erquiaga (Director de Galicia Business School, licenciado en Ciencias Empresariais na especialidade de financiación pola Universidad de Santiago, doutor en Administración de empresas pola Universidade de Navarra, Executive MBA e Programa de Alta Dirección polo Instituto Internacional San Telmo); Francisco Álvarez Fortes (Socio-Director en Efecto Van Dyck e

consultor especializado na área de Estratexia e Marketing) e Alberto Lázaro Araújo (Fundador e Director en Tuapli e experto en retail management e digital retail).

Os temas que se trataron no programa ían dende as habilidades directivas e as claves para unha planificación estratéxica ata as oportunidades tecnolóxicas, a transformación dixital e o márketing.

Por outra banda, as edicións do programa de “OPORTUNIDADES DE NEGOCIO DAS COOPERATIVAS E DA ECONOMÍA SOCIAL” levouno a cabo o tamén experto Enrique Domínguez Lino (Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela, Master Executive MBA na Escuela de Negocios Caixanova e Socio-Director da compañía Mundovalor e Estratexia Empresarial S.L.

Os temas abordados neste programa estaban centrados na normativa e funcionamento das Cooperativas e empresas de Economía Social, as axudas e subvencións para a súa creación e xestión, o estudo de casos prácticos e a elaboración dun plan de empresa para a posta en marcha do seu propio proxecto cooperativo.

APE Galicia quere dar as grazas a todas aquelas asociacións vinculadas a nós pola súa estreita colaboración e a súa predisposición para axudar en todo o proceso e facer que fose todo máis doado.

#### **CAPACITACIÓN PARA MOZOS/AS DIRECTIVO/AS DAS COOPERATIVAS**

#### **1ª EDICIÓN PONTEVEDRA (días 17 e 24 de setembro).**

Nesta primeira edición nas novas instalacións de APE Galicia contamos con 14 participantes. As conversas dos oíntes cos docentes continuaban nos descansos que se producían nas sesións dado ó gran éxito da exposición dos contidos e a curiosidade por afondar do alumnado.



#### **2ª EDICIÓN PONTEVEDRA (días 20 e 27 de setembro)**

O mesmo ocorría nesta segunda edición de capacitación para directivos. O alumnado quedou unha vez máis marabillado coa exposición do programa por parte dos docentes. Esta vez acudiu un participante máis ca na anterior edición, un total de 15 participantes.



### **EDICIÓN SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**(días 19 e 26 de setembro)**

Esta edición rebasou as nosas expectativas, pois chegouse a un total de 18 participantes. Compostela Monumental, unha das asociacións socias de APE Galicia, foi a que axudou na organización do evento e dispuxo unha das súas aulas para que este programa se levase a cabo. O alumnado desta edición so tivo boas palabras para describir o curso impartido.



### **EDICIÓN FERROL (días 18 e 25 de setembro)**

A Coruña era unha das provincias con máis demanda deste programa polo que era preciso desenvolver máis de unha edición aquí. Foi Ferrol unha das cidades elixidas e na que tivemos o pracer de contar coa estreita colaboración da confederación de empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER), socio de APE Galicia.

COFER puxo a nosa disposicións as súas instalacións para o seu desenvolvemento e estivo sempre disposto para a organización de ambas xornadas. Contamos nesta edición con 10 participantes, os cales segundo as enquisas de valoración quedaron encantados.



## **“OPORTUNIDADES DE NEGOCIO DAS COOPERATIVAS E DA ECONOMÍA SOCIAL”**

### **EDICIÓN PONTEVEDRA 1 – (18 e 19 de setembro)**

Esta primeira edición do programa de Oportunidades de negocio das cooperativas e da Economía Social levouse a cabo nas novas instalacións de APE Galicia sitas en Gagos de Mondoza. Foron dez os participantes que tiveron a oportunidade de coñecer máis sobre este mundo e escoitar as recomendacións do docente.



### **EDICIÓN SANTIAGO DE COMPOSTELA – (21 e 22 de setembro)**

A segunda edición deste programa lévase a cabo de novo en Compostela Monumental. A participación é maior e estacionase en 12 alumnos. De novo volven quedar encantados co programa e só teñen boas palabras para os organizadores e docente.



### **EDICIÓN PONTEVEDRA 2 – (25 e 26 de setembro)**

Esta segunda edición en Pontevedra do programa de Oportunidades de negocio das cooperativas e da economía social tamén se desenvolveu nas instalacións de APE Galicia. Os participantes, os cales moitos deles non puideron asistir a primeira edición por compromisos laborais, puideron coñecer os principais aspectos dunha cooperativa, as súas axudas e como facer un plan de empresa.

### **EDICIÓN CALDAS DE REIS – (28 e 29 de setembro)**

A última edición deste programa, prevista en primeira instancia na cidade de Ferrol (A Coruña), desenvolveuse finalmente en Caldas de Reis (Pontevedra). A participación foi espectacular, chegando ós quince alumnos. A asociación Caldas Centro Comercial Aberto foi a que puxo a disposición de APE Galicia as instalacións e a que colaborou intensamente para que o programa se levase a cabo.





## APLIACIÓN DO PRAZO DE SOLICITUDE E DE XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS PARA PROMOVER O AUTOEMPREGO E A ACTIVIDADE EMPRENDEDORA DAS PERSOAS GALEGAS RETORNADAS E DOS SEUS DESCENDENTES.

Mediante a Resolución do 21 de marzo de 2018 (DOG núm. 66, do 5 de abril), aprobáronse as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para promover o autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma galega das persoas galegas retornadas e dos seus descendentes.

De conformidade co establecido no artigo 8 da dita resolución, o prazo para a presentación de solicitudes remata o día 28 de setembro de 2018. Pola súa parte, no artigo 17 establécese que o prazo de xustificación da actividade subvencionada finaliza o día 31 de outubro de 2018 incluído.

Próximo a rematar o prazo de presentación de solicitudes, e á vista das solicitudes presentadas, a secretaría xeral considera convinte ampliar o prazo de presentación de solicitudes e, consecuentemente, o prazo de xustificación das subvencións solicitadas conforme o novo prazo.

Amplíase ata o 31 de outubro de 2018 o prazo para a presentación de solicitudes e ata o 30 de novembro de 2018 o prazo de xustificación.

## O SISTEMA RED PARA OS AUTÓNOMOS: XESTIÓNS OBRIGATORIAS.

O 1 de marzo deste ano saía a Orde ESS/214/2018 que modifica a ORDE ESS/484/2013, pola que se regula o Sistema de remisión electrónica de datos no ámbito da seguridade Social (Sistema RED). Tras a súa entrada en vigor houbo un prazo de 6 meses de adaptación, o cal finaliza o 1 de outubro de 2018. A partir desta data pode haber sancións senón realizáchelo trámite. Esta obriga implica que a partir de dita data deberás realizar por esta vía as seguintes xestións:

1. **Alta e baixa de autónomos (RETA).**
2. **Cambios de base de cotización.**
3. **Modificación de actividade.**
4. **Solicitud de modificación das coberturas das continxencias.**
5. **Variacións de datos RETA.**
6. **Recepción de notificacións e comunicacións a través de SEDESS.**

¿Como se poden realizar estas xestións? Tes dúas alternativas para cumprir con estes novos trámites:

- Utilizar o sistema RED.
- Realizalos directamente a través da Sede Electrónica SEDESS.

### APE GALICIA

Tif: 986891657

Móvil: 697.195.540

E-mail: [info@apegalicia.es](mailto:info@apegalicia.es)

Praza España Nº1 Andar 1º Esq.

Oficina 1 - 36002 Pontevedra

